



### XUNTA DE GALICIA

#### XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA. DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

##### Anuncio

#### Resolución de corrección de erros do calendario laboral do ano 2019 para a Provincia de Lugo

O DECRETO 134/2018, do 10 de outubro (publicado no DOG 203, de 24 de outubro de 2018), polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2019, recolle no artigo 2 o seguinte:

"Conforme o disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, e no artigo 1.11 do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, tamén serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, dúas festas locais, propostas polo órgano municipal competente dos respectivos concellos, cuxa publicación no boletín oficial de cada unha das provincias da comunidade autónoma será determinada pola persoa titular da xefatura territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria. As ditas festas locais publicaranse, así mesmo, no *Diario Oficial de Galicia*".

Á vista do que antecede, esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria elaborou o calendario laboral para 2019 incluíndo dous datas inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, no ámbito de cadanseu concello, previa proposta dos mesmos.

O 7 de febreiro de 2019 recibíuse nesta Xefatura unha comunicación do Concello de Guntín na que comunica un acordo tomado polo Pleno o día 3 de decembro de 2018, polo que se rectifican as datas festivas locais, polo que esta Xefatura RESOLVE

Corrixir a data do "Luns das festas de Guntín", que terán lugar o día 8 de xullo de 2019.

Manter como festivo local o "Martes de Antroido" do 5 de marzo de 2019.

Publicar o anuncio da corrección de erros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Lugo, 7 de febreiro de 2019.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 0399

### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO SERVIZO DE RECURSOS HUMANOS - SECCIÓN SELECCIÓN

##### Anuncio

#### PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA QUE REXERÁ O PROCESO SELECTIVO PARA AMPLIAR A VIXENTE LISTAXE DE EMPREGO TEMPORAL DE ADMINISTRATIVO

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*"Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:*

*Obxecto da convocatoria.*

*O obxecto desta convocatoria é a de realizar un proceso selectivo, mediante o sistema de concurso-oposición, para ampliar unha listaxe de emprego temporal, para atender ás necesidades urxentes de incorporación de efectivos da categoría de administrativo/a, nas circunstancias recollidas no artigo 10.1 do EBEP;- ou no seu caso no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.*

*Estando vixente unha Listaxe de Emprego Temporal desta categoría de administrativo/a, é necesario realizar este proceso selectivo para a súa ampliación xa que os efectivos que a integran non están dispoñibles para incorporarse, en caso de chamamento para o seu nomeamento interino ou contratación temporal, ao atoparse prestando servizos neste momento.*

*A necesidade de ampliación da dita Listaxe ven xustificada pola inminente execución dun Programa Temporal de "Posta en marcha dos centros de atención a persoas maiores dentro da relación interadministrativa de cooperación e a prestación compartida de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores", no marco das relacións de cooperación acordadas entre Deputación provincial e Concellos da Provincia de Lugo nos que están asentados os ditos centros.*

*A rede de centros, incursos nese acordo de cooperación interadministrativa, cuxa posta en funcionamento se efectuará ao longo dos próximos meses, están nos concellos de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Ribas de Sil, Pedrafita do Cebreiro, Ribadeo, Becerreá, A Pontenova, Pobra de Brollón, Folgoso de Caurel, Portomarín e Guitiriz; estando o seu desenvolvemento en distintas fases de execución.*

*A posta en funcionamento dalgún destes centros será inminente polo que se precisan de efectivos da categoría de administrativo/a para garantir que a xestión deste proceso se realiza conforme ás condicións e requirimentos establecidos nos convenios de cooperación asinados entre a Deputación e cada un dos concellos referidos.*

*En consecuencia o persoal que resulte seleccionado para integrar a devandita Listaxe de Emprego Temporal será chamado para prestar servizos en calquera dos referidos centros de atención a persoas maiores dos Concellos enumerados, a medida que sexa necesaria a súa incorporación para o desempeño das funcións que ten atribuído esta clase de persoal dentro das respectivas estruturas.*

*Igualmente o dito tipo de persoal que integre a Listaxe que se constitúa tamén poderá ser chamado para prestar servizos na Deputación Provincial de Lugo, nas distintas Unidades e Servizos nos que sexa preciso, calquera que sexa a súa ubicación xeográfica dentro da provincia, conforme ás condicións que se sinalan, de necesidade e urxencia, na lexislación vixente de aplicación a estas situacións.*

*Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.*

*Visto o disposto pola normativa de aplicación:*

*- Artigo 10.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, polo que se establece que "son funcionarios interinos os que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados para o desempeño de funcións propias de funcionarios de carreira, cando se dea algunha das seguintes circunstancias:*

*a) A existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira.*

*b) A substitución transitoria dos titulares.*

*c) A execución de programas de carácter temporal.*

*d) O exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*- Artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, sobre contratación de persoal laboral temporal.*

*- Artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, esixe que: "non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables".*

*- Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que "todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico".*

*- Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que "as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

*a) Publicade das convocatorias e das súas bases.*

*b) Transparencia.*

*c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*

*d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*

*e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*

*f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección."*

- Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrancia, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.

- Artigo 27 e 35 do Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado, sobre a selección e nomeamento dos funcionarios interinos e contratación de persoal laboral temporal.

Listaxe de emprego temporal de administrativo/a conformada por aspirantes que participaron en procesos selectivos.

Nestes momentos a vixente Listaxe de Emprego Temporal das categoría de administrativo/a non conta con efectivos dispoñibles ao obxecto de poder atender as necesidades de cubrir provisionalmente o dito tipo de prazas/postos/empregos, xa que os seus integrantes atópanse prestando servizos, polo que resulta necesario a súa ampliación para atender as necesidades que se poidan producir conforme ás previsións sinaladas anteriormente.

Proposta de acordo.

Considerando que se ten constatado que existe na Entidade a necesidade de contar cunha listaxe de emprego temporal de Administrativo/a, para poder xestionar axilmente a incorporación de efectivos desta categoría cando sexa precisa e estea xustificada a súa incorporación conforme ás esixencias da normativa vixente, en particular as referidas no artigo 19.Dous da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno a normativa legal e regulamentaria aplicable, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar que as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a ampliación da listaxe de emprego temporal de administrativo/a para xestionar de xeito áxil as necesidades deste tipo de persoal e poder efectuar nomeamentos de persoal funcionario/a interino/a polas causas reguladas no art. 10.1 da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (ou no seu caso polo artigo 15 do Estatuto dos Traballadores) serán as que foron aprobadas por esta Xunta de Goberno, en sesión celebrada o 04 de maio de 2018; e publicadas no BOP nº 107, do venres 11 de maio de 2018.

Con respecto ás Bases Xerais que rexerán neste procedemento selectivo estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión do día 04 de decembro de 2015 ; e publicadas no BOP nº 289 de data 17 de decembro do 2015.

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nestas probas selectivas, para ampliar os efectivos da Listaxe de emprego temporal de administrativo/a.

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente Acordo ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 13 de febreiro de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0447

### Anuncio

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E BASES PARA A PROVISIÓN DEFINITIVA DA PRAZA “TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL, AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL” DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN LIBRE.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, do seguinte teor:

*“Obxecto da convocatoria.*

*O obxecto desta convocatoria é proceder a convocar os procesos selectivos para a provisión definitiva das prazas do cadro de persoal funcionario, que a continuación se indican, polo sistema de Concurso- Oposición Libre.*

*A praza convocada está incluída dentro do Plan de Consolidación de Emprego Temporal, conforme ao previsto na Disposición Transitoria 4ª do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e foi incluída na Oferta de Emprego Público da Deputación Provincial de Lugo, correspondente ao ano 2017.*

*Caracterización da praza.*

Grupo e subgrupo	Clasificación	Nº vacantes	Praza	Denominación	Data Publicación BOP
			Posto		
A/ A1	Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	828	Técnico/a Administración Xeral- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local	OEP 2017 BOP de 28/12/2016 (Nº 297)
			1255		

*Normativa de aplicación ao obxecto da convocatoria.*

*Visto o disposto pola normativa de aplicación:*

*Artigo 9.1.) do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se establece que “son funcionarios de carreira quen, en virtude de nomeamento legal, están vinculados a unha administración pública por unha relación estatutaria regulada polo Dereito Administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente”.*

*- Artigo 55.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala que “todos os cidadáns teñen dereito ao acceso ao emprego público de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, e de acordo co previsto no presente Estatuto e no resto do ordenamento xurídico”.*

*- Artigo 55.2 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que preceptúa que “as Administracións Públicas, entidades e organismos a que se refire o artigo 2 do presente Estatuto seleccionarán ao seu persoal funcionario e laboral mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais antes expresados, así como os establecidos a continuación:*

- a) Publicade das convocatorias e das súas bases.*
- b) Transparencia.*
- c) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección.*
- d) Independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección.*
- e) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas a desenvolver.*
- f) Axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección.”.*

*- Artigo 61.1 do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón que “os procesos selectivos terán carácter aberto e garantirán a libre concorrência, sen prexuízo do establecido para a promoción interna e das medidas de discriminación positiva previstas neste Estatuto”.*

*- Disposición Transitoria 4ª do RD 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que dispón: “Consolidación de Emprego Temporal.- 1. As Administracións Públicas poderán efectuar convocatorias de consolidación de emprego a postos ou prazas de carácter estrutural correspondentes aos seus distintos corpos, escalas ou categorías, que estean dotados orzamentariamente e se atopen desempeñados interina ou temporalmente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2005. 2. Os procesos selectivos garantirán o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade. 3. O contido das probas gardarán relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais dos postos obxecto de cada convocatoria. Na fase de concurso poderá valorarse, entre outros méritos, o tempo de servizos prestados nas Administracións Públicas e a experiencia nos postos de traballo obxecto da convocatoria. Os procesos selectivos desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do presente Estatuto”.*

*- Artigo 91.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, que sinala: “A selección de todo o persoal, sexa funcionario ou laboral, debe realizarse de acordo coa oferta de emprego público, mediante convocatoria pública e a través do sistema de concurso, oposición ou concurso- oposición libre, nos que se*

garantan, en todo caso, os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como o de publicidade”.

- Artigos 2, 3, 4, 5, 6, 7, 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios de Administración Local.

- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

- Artigo 50 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018) sobre atribucións da Xunta de Goberno, que sinala que correspóndelle á mesma: “o exercicio das atribucións e competencias que lle deleguen o presidente/a ou o Pleno da Corporación”; séndolle delegada a dita atribución pola Presidencia, mediante Resolución de 26 de xullo do 2018 (BOP nº 171, de 27 de xullo de 2018).

Proposta de acordo.

Considerando que se cumpre coas esixencias da normativa vixente; en uso das facultades que lle confire á Xunta de Goberno o Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 170, de 26 de xullo de 2018, propoño á Xunta de Goberno a adopción do seguinte,

Acordo:

1º.- Aprobar as Bases Específicas que rexerán o procedemento selectivo, mediante o sistema de concurso - oposición libre, para a provisión definitiva das seguintes prazas:

Grupo e Subgrupo	Clasificación	Nº Vacantes	Nº PRAZA	DENOMINACIÓN
			Nº POSTO	
A/A1	Escala de Administración Xeral; Subescala Técnica; Técnicos Superiores.	1	828	Técnico/a Administración Xeral- Axente de Emprego e Desenvolvemento Local.
			1255	

Con respecto ás Bases Xerais, que rexerán neste procedemento selectivos, estarase ás aprobadas por acordo da Xunta de Goberno, na súa sesión celebrada o día 29 de setembro de 2017 (publicadas no BOP núm. 241, 20/10/2017).

2º.- Convocar publicamente a quen desexe participar nas correspondentes probas selectivas

3º.- Ordenar que se realicen cantos trámites sexan necesarios para desenvolver este procedemento selectivo; e, concretamente, a publicación da presente convocatoria e das bases específicas no Boletín Oficial da Provincia, enviando extracto da convocatoria ao DOG e BOE”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.”

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente Acordo ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 13 de febreiro de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0448

### Anuncio

**PUBLICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 8 DE FEBREIRO DE 2019 POLO QUE SE RESOLVE O PROCEDIMENTO SELECTIVO DE ACCESO A DÚAS PRAZAS DE OFICIAL DE OFICIOS MÚLTIPLES, CLASIFICADAS NO GRUPO C- SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL, CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO DO ANO 2015.**

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 8 de febreiro de 2019, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

*“Celebrado o procedemento selectivo para prover dúas prazas de Oficial de Oficios Múltiples, do cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservadas a promoción interna vertical, grupo C - Subgrupo C2, correspondente a Oferta de Emprego do ano 2015, cuxas bases xerais publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 242, de 22 de outubro de 2018, vista a proposta do Tribunal Cualificador, visto que nos expedientes persoais dos aspirantes propostos para ocupar as distintas prazas figura a documentación á que se refire o punto 11.1 das bases xerais que rexen a convocatoria, cumprindo polo tanto os requisitos esixidos no artigo 56 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público; esta Presidencia, en representación do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 12.1 das mencionadas bases xerais, proponlle á Xunta de Goberno resolver o procedemento selectivo a favor de:*

*1º.- Don Alfonso Ibias Otero, para ocupar a praza número 3170, posto 416, de Oficial de Oficios Múltiples, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical correspondente a OEP 2015, o aprobar tódolos exercicios do proceso selectivo.*

*2º.- Don Juan José Pita Iravedra, para ocupar a praza número 3171, posto 583, de Oficial de Oficios Múltiples, Grupo C - Subgrupo C2, do cadro de persoal laboral da Deputación Provincial de Lugo, reservada a promoción interna vertical correspondente a OEP 2015, o aprobar tódolos exercicios do proceso selectivo”.*

*A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anterieiramente transcrita.”*

O que se da publicidade en cumprimento do art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, coa indicación de que o presente acordo pon fin a vía administrativa polo que contra este cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente Acordo ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da devandita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Pazo Provincial, 13 de febreiro de 2019.- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0449

### Anuncio

#### **PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA DO 14 DE FEBREIRO DE 2019 DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DOS CRITERIOS DE CHAMAMENTO PARA PRESTAR SERVIZOS COMO PERSOAL TEMPORAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.**

*“Tras ver a proposta do deputado delegado da Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, a teor do seguinte texto:*

*Por resolución da Presidencia, de 29 de setembro do 2009, establecéronse os criterios polos que se rexe a incorporación de persoal ao obxecto de prestar servizos de carácter temporal na Deputación provincial de Lugo.*

*Os ditos criterios de funcionamento das Listaxes de Emprego temporal foron obxecto de modificación puntual, mediante Resolución da Presidencia, de 16 de decembro de 2011, coa finalidade de mellorar o seu funcionamento.*

*As Listaxes de Emprego Temporal están integradas por persoal que participou en procedementos selectivos para a cobertura de prazas incluídas en Ofertas Públicas de Emprego que superaron as probas da fase de oposición e que non resultaron seleccionadas; ou por persoal que participou en procesos selectivos especificamente convocados para a incorporación de prestar servizos como persoal temporal.*

*As Listaxes de Emprego Temporal, que teñen unha vixencia temporal limitada, xa que se declaran caducadas aos tres anos da súa constitución, están deseñadas para permitir o reparto do emprego temporal entre os seus integrantes de tal xeito que causan baixa na mesma aqueles que prestaron servizos efectivos na Entidade Provincial por un tempo de un ano.*

*As Listaxes de Emprego Temporal, constituídas para cada tipo de praza/posto/emprego e grupo e subgrupo de clasificación, están ordenadas pola puntuación obtida nos procesos selectivos de tal xeito que figuran en primeiro lugar aqueles integrantes que obtiveron mellor puntuación nas respectivas probas.*

*Nestes anos tense constatado que, cos criterios de funcionamento actuais, pode producirse o feito de que estando prestando servizos algún dos seus integrantes na Entidade, con nomeamentos como persoal funcionario interino ou con contraos laborais de duración determinada de corta duración (substitución transitoria de titulares; acumulación de tarefas ou circunstancias da produción, segundo os supostos contemplados, respectivamente, segundo sexa baixo o réxime xurídico administrativo ou baixo o réxime laboral- art. 10.1, supostos b), c) e d) do EBEP ou art. 15 c) do ET- ), xurdindo unha necesidade de cubrir unha interinidade por vacante (supostos do art.10.1 a) do EBEP ou 15 do ET), sexan preteridos e se efectúe o chamamento de aspirantes que teñan unha posición na Listaxe máis baixa dos que están traballando.*

*Para corrixir esta anomalía que permite a posibilidade que obteñan un emprego máis estable a persoas que ocupan unha posición inferior na Listaxe (segundo a puntuación obtida no proceso selectivo), propónse incorporar o seguinte criterio no funcionamento das Listaxes:*

***“Cando se produza a necesidade de efectuar nomeamentos para cubrir interinidades de vacante, os chamamentos para a incorporación de aspirantes da respectiva Listaxe de Emprego temporal iniciaranse, segundo a orde de posición da Listaxe, ofertando a incorporación tamén a aquelas persoas que xa estean prestando servizos na Entidade no momento do chamamento e realizando, en caso de renuncias, sucesivos chamamentos ata que se produza a cobertura da necesidade de nomeamento como persoal funcionario interino de vacante ou contratación laboral interina de vacante.***

***Igual criterio seguirase, á hora de efectuar os chamamentos, cando xurda a necesidade de cubrir nomeamentos de persoal funcionario interino de programas temporais, cuxa duración se presuma vai ser maior que os nomeamentos de persoal funcionario interino, xa efectuados, polas circunstancias recollidas no art. 10.1 b) ou d), substitución de titular ou acumulación de tarefas”***

*Polo anteriormente exposto e, en uso das facultades que lle confire a esta Presidencia o artigo 34 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, RESOLVO:*

*Prestar aprobación á proposta anteriormente transcrita en todas as súas partes”.*

Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Presidencia da Deputación, no prazo máximo dun mes dende o día seguinte á publicación da presente resolución no BOP, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro que se estime procedente.

Pazo Provincial, 14 de febreiro do 2019 .- A SECRETARIA XERAL, María Esther Álvarez Martínez.

R. 0472

## CONCELLOS

### BURELA

#### Anuncio

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 5 de febreiro de 2019, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Sexto Bimestre do exercicio 2018, procédese a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 15 de febreiro de 2019 ata o día 15 de abril de 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante o órgano competente, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela 06 de febreiro de 2019.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA

R. 0373

*Anuncio***EXPEDIENTES 63/2019 E 64/2019. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. DECEMBRO 2018.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 5 de febreiro de 2019, prestou aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2018 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 7.617,35 €, correspondendo 1.212 € a libre concorrencia e 6.405,35 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase o período voluntario de cobramento dende o día 25 de febreiro de 2019 ata o día 25 de abril de 2019, ambos os dous inclusive.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 6 de febreiro de 2019.- O Alcalde – Presidente, Alfredo Llano García.

R. 0374

**CASTROVERDE***Anuncio*

Bases para a formación dunha bolsa de emprego coa finalidade da súa contratación, cando se faga necesaria, como persoal laboral de carácter temporal, como Peón de Servizos Múltiples pertencente a Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo de clasificación agrupacións profesionais.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 6 de febreiro aprobáronse as bases que de seguido se transcriben literalmente:

**BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CONFORMAR OS INTEGRANTES DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PEÓNS DE SERVIZOS MÚLTIPLES PARA O CONCELLO DE CASTROVERDE.****1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

É obxecto desta convocatoria a selección de persoal para conformar os integrantes dunha bolsa de emprego coa finalidade da súa contratación, cando se faga necesaria, como persoal laboral de carácter temporal, ao amparo do establecido no artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Peón de Servizos Múltiples pertencente a Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo de clasificación agrupacións profesionais, segundo a Disposición adicional sexta do antedito texto normativo, polo procedemento de oposición libre.

Esta Bolsa de emprego terá unha duración máxima de cinco anos naturais, a contar dende a publicación destas bases no BOP de Lugo, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Concello poida acordar a súa extinción mediante a convocatoria dun novo proceso selectivo.

As funcións a desempeñar serán:

De Peón de Servizos múltiples de traballos relacionados cos servizos municipais e coas actividades de conservación, mantemento e reparación de edificios, infraestruturas, instalacións e vías públicas do Concello de Castroverde.

**2. NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

O proceso selectivo axustarase, en todo o non expresamente previsto nas presentes Bases, ás normas contidas en:



- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos ao que debe axustarse o procedemento de selección dos Funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral do Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).

### 3. REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OS ASPIRANTES.

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, todos e a cada un dos seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDL. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- e) Titulación esixida: non se esixe.
- f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B ou superior.
- g) Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 1 (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame).

### 4. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

4.1 Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo II destas bases de selección, ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da LPACAP, dentro do prazo de **20 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial Provincial de Lugo. No caso de que se opte por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa fechada e selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

4.2 As bases publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello (<https://concellodecastroverde.gal>).

4.3 Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia do D.N.I. compulsada.
- b) Fotocopia compulsada do permiso de conducir.
- c) Fotocopia compulsada do título de Celga 1.

4.4 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web (<https://concellodecastroverde.gal>), con indicación das causas de exclusión, así como o prazo de emenda de defectos e presentación de reclamacións que se concede aos aspirantes excluídos, nos termos do artigo 68 LPACAP, que será de 5 días hábiles.

4.5.- De existir reclamacións a súa resolución farase pública na forma indicada para a lista provisional de admitidos.

- 4.6.- Transcorrido o prazo de reclamacións e unha vez resoltas estas, a Alcaldía ditará resolución aprobando:
- a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas
  - a designación dos membros do Tribunal a efectos de poder promover a recusación dos seus membros.
  - a data e lugar para constitución do Tribunal.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web (<https://concellodecastroverde.gal>).

Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 LPACAP, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo, nos termos da vixente Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se recoñeza a quen participe a posesión dos requisitos esixidos na convocatoria. Cando do exame da documentación presentada, ou da que obra en poder do Concello, se desprenda que no posúen algún dos requisitos esixidos, decaerán todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación na convocatoria.

4.7.- Coa publicación das listas de persoas admitidas e excluídas considerarase efectuada a correspondente notificación.

4.8.- Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio o a petición do interesado.

## **5. DOS DEMAIS TRÁMITES PREVIOS Á CALEBRACIÓN DAS PROBAS E O TRIBUNAL CALIFICADOR.**

5.1.- A composición do tribunal axustarase ao establecido no artigo 60 TREBEP. Constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, tendendo á paridade entre mulleres e homes. Terá a consideración de órgano colexiado e, como tal, estará suxeito ás normas contidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público —LRJSP—.

5.2.- A efectos do disposto no art. 30 e no anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, o órgano de selección que actúe neste proceso selectivo, terá a categoría terceira.

5.3.- O Tribunal poderá nomear colaboradores, especialistas e axudantes, que estarán sempre baixo a súa dirección e control directos, para aquelas probas que o requiran, limitándose o exercicio das súas especialidades técnicas en base ás cales colaborarán co tribunal con voz, pero sen voto. Os asesores e especialistas estarán sometidos ás mesmas causas de abstención e recusación que os membros do tribunal.

5.4.- O Tribunal estará composto pola Presidencia, a Secretaría e polo menos tres Vogais, actuando todos eles con voz e voto. Todos os seus membros deberán estar en posesión dunha titulación igual o superior a esixida aos aspirantes e pertencer ao mesmo grupo de titulación ou superiores; non obstante, en ningún caso estará constituído maioritariamente por membros en activo do mesmo corpo ou a mesma escala para os que deba efectuarse a selección.

5.5.- A Presidencia poderá requirir aos membros do órgano de selección unha declaración expresa de non encontrarse sometidos a ningunha das causas de abstención legalmente previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público —LRJSP—. Igualmente, aqueles incorresen en causa de abstención deberán comunicalo á Alcaldía no prazo máximo de 10 días.

5.6.- O Tribunal deberá constituírse antes das probas selectivas. No poderá constituírse sen a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus membros titulares o suplentes indistintamente. Para a válida constitución e actuacións do Tribunal requirirase a presenza do Presidente e do Secretario/a ou, no seu caso, de aqueles que os substitúan.

5.7.- O Tribunal resolverá por maioría tódalas cuestións que poidan xurdir en relación coa interpretación e aplicación das bases da convocatoria.

## **6. DO CALENDARIO DO PROCESO SELECTIVO.**

6.1.- O calendario de celebración das probas farase público mediante publicación o anuncio no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web (<https://concellodecastroverde.gal>).

6.2.- Concluída a primeira proba, o ritmo de celebración das sucesivas decidírase polo Tribunal, que con carácter xeral deberá observar un intervalo mínimo de dous días.

6.3.- Os aspirantes serán convocados en chamamento único e quedarán decaídos no seu dereito cando se presenten nos lugares de celebración unha vez iniciadas as probas ou pola non asistencia ás mesmas, aínda cando se deba a causas xustificables.

6.4.- O orde de actuación dos aspirantes iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece por la letra «Ñ», segundo o disposto na Resolución de 11 de abril de 2018, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral do Ingreso do persoal al servizo da Administración del Estado. No suposto de que non existan aspirantes cuxo primeiro apelido comece por la

letra «Ñ», o orde de actuación iniciárase por aqueles cuxo primeiro apelido comece por la letra «O», e así sucesivamente.

6.5.- O tribunal poderá requirir aos aspirantes en calquera momento para que acrediten a súa personalidade, a cuxo fin deberán acudir provistos do DNI o, en defecto deste, de outro documento oficial que acredite a súa identidade.

## **7. PROCESO SELECTIVO.**

O proceso selectivo constará unicamente da fase de oposición, composta por dúas probas obrigatorias e eliminatorias para tódolos aspirantes, unha proba de carácter teórico, e posteriormente, para aqueles candidatos que superarán a mesma, unha proba de carácter práctico.

### **7.1 Proba de carácter teórico.**

A proba de carácter teórico consistirá en contestar por escrito, no tempo máximo dunha hora, a un cuestionario de 20 preguntas con tres alternativas de resposta, das que só unha delas será válida, sobre as materias incluídas no temario que figura como Anexo I das presentes bases.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de 20 puntos, penalizándose os erros con 0,50 puntos por cada resposta errónea. Superarán a proba aqueles aspirantes que obteñan, polo menos, o 50 por 100 da puntuación máxima establecida na proba (10 puntos). Aqueles aspirantes que non alcanzasen como mínimo 10 puntos non poderán realizar a seguinte proba, quedando eliminados do proceso selectivo.

### **7.2 Proba de carácter práctico.**

A proba de carácter práctico consistirá na execución práctica dunha tarefa de conservación, mantemento ou reparación en relación a algunha das materias incluídas no temario que figura como Anexo I das presentes bases.

O Tribunal determinará o contido desta proba así como o tempo para a realización da mesma.

A puntuación máxima deste exercicio será de 20 puntos. Superarán esta proba aqueles aspirantes que obteñan, polo menos, unha puntuación mínima de 10 puntos.

7.3 As convocatorias para ámbalas dúas probas realizarase mediante chamamento único ao que as persoas participantes deberán acudir provistas do Documento Nacional de Identidad, pasaporte ou permiso de conducir. Para a realización da proba práctica os aspirantes deberán acudir, en calquera caso, provistos do permiso de conducir.

### **7.4 Proba de galego.**

Aqueles aspirantes que superasen ámbalas dúas probas, e non tivesen acreditado o nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 1, deberán obrigatoriamente realizar unha proba adicional de coñecemento desta lingua que terá un contido axeitado ao devandito nivel de competencia. A proba terá carácter eliminatorio se non fose superada polo aspirante e valorarase ao mesmo como APTO ou NON APTO.

## **8. CUALIFICACIÓN FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN E RELACIÓN DE APROBADOS**

8.1 Obtidos os resultados dos exercicios da fase de oposición, o Tribunal fará pública no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, a cualificación final por orde de puntuación e elevará esta ao Alcalde do Concello con proposta de inclusión dos candidatos que superaron a fase de oposición por orde de puntuación, de maior a menor, na bolsa que se forme ao efecto.

8.2 A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por Resolución de Alcaldía. Os aspirantes que resulten incluídos na bolsa non ostentarán dereito subxectivo algún, salvo o orde de prioridade no chamamento que poida efectuar o Concello.

8.3 Si algún dos aspirantes propostos decaera no seu dereito por incumprimento dos requisitos previstos nestas bases, a proposta do Tribunal entenderse automaticamente referida aos aspirantes que lle sigan no orde de puntuación.

## **9. ORDE DE CHAMAMENTO E FUNCIONAMENTO DA BOLSA**

### **9.1 Chamamento.**

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase pola orde de cualificación definitiva. O orde de preferencia deberá ser respectado no momento de efectuar un novo nomeamento excepto para o caso sinalado no penúltimo parágrafo do artigo 9.2. destas bases.

O chamamento realizarase mediante chamada telefónica. O primeiro intento farase en horario de mañá das 09:00 horas as 15:00 horas. De ser infrutuoso o primeiro intento de comunicación telefónica farase un segundo intento o mesmo día en horario de tarde das 15:01 horas as 20:00 horas, debendo mediar sempre unha diferenza como mínimo de tres horas entre o primeiro e o segundo intento. De ser infrutuoso tamén este segundo intento farase un terceiro e último intento de comunicación o seguinte día hábil en horario de mañá das 09:00 horas as 15:00 horas. Dos intentos realizados estenderase dilixencia ao efecto, facéndose constar o día e

hora dos intentos de comunicación e o seu resultado. Naqueles casos en que se consiga a comunicación telefónica farase constar a identidade da persoa receptora da chamada, dándose en calquera caso o chamamento por realizado a tódolos efectos.

Feita a comunicación, si a persoa aspirante localizada manifestase a súa intención de aceptar o nomeamento, deberá presentar o seguinte día hábil, en horario de 09:00 a 14:00 horas, nas dependencias do Concello de Castroverde para formalizar a aceptación do nomeamento.

En calquera caso, de non ser posible a comunicación, segundo o establecido no parágrafo anterior, ou non se formalizase a aceptación de nomeamento polo aspirante no prazo indicado por causa imputable ao mesmo, pasarase a realizar o chamamento do seguinte aspirante.

Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da Bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de teléfono, do contrario consideraranse non localizables e por tanto excluídos.

### 9.2 Renuncia.

Consideraranse causas xustificadas de renuncia á oferta de traballo as seguintes circunstancias que deberán ser acreditadas:

- Estar traballando no momento de ser chamado por este Concello.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa.

En estes dous únicos casos non darán lugar ao desprazamento ou a baixa na bolsa de emprego, respectándose por tanto a orde do aspirante na lista cando se produza a seguinte necesidade de persoal. Nestes casos será necesario aportar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles dende que se produce o chamamento telefónico, quedando o interesado en situación de suspensión de chamada hasta que finalicen as causas alegadas. A falta de remisión do documento que acredite a xustificación das anteditas causas, da lugar, ao desprazamento ao último lugar da bolsa constituída. No caso de que finalice o motivo da causa alegada, deberá comunicalo por escrito, inescusablemente, pois do contrario non será chamado para as seguintes ofertas de traballo, que por orden de prelación lle corresponda.

Cando a unha persoa se lle comunica a oferta de traballo e rexeite a mesma inxustificadamente, non conteste ou se encontre en situación de ilocalización, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifeste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

### 9.3 Exclusión

Considerase causa de exclusión, e por tanto de baixa na bolsa, cando o Concello tras efectuar un terceiro chamamento para distintas ofertas de traballo, o aspirante rexeite a oferta inxustificadamente, se absteña de contestar ou se manteña ilocalizable.

## 10.VINCULACIÓN DAS BASES

As presentes Bases vinculan ao Concello, ao órgano de selección e a aqueles que participen nas probas do proceso selectivo. Tanto as Bases, como cantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecidos na Lei 39/2015 LPACAP.

Contra estas Bases, que poñen fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación de conformidade co establecido nos artigos 112.1, 114.1.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tamén poderá interpoñer alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### ANEXO I.

TEMA 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Características xerais. Principios que informan a Constitución Española de 1978. O Título Preliminar da Constitución. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

TEMA 2.-O Estatuto Básico de Autonomía de Galicia. Título Preliminar. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O consello da Xunta. O/a Presidente/a.

TEMA 3.- As normas de seguridade e hixiene no traballo. A prevención de riscos laborais. Medidas de protección e sinalización no traballo.

TEMA 4.- Vías públicas. Ferramentas. Maquinaria. Conservación, mantemento, e reparacións.

TEMA 5.- Albanelería. Mantementos e reparacións básicas. Maquinaria e ferramentas. Tipos de materiais.

TEMA 6.- Xardinería. Mantementos e actuacións básicas. Maquinaria e ferramentas.

TEMA 7.- Instalación de fontanería en edificios públicos: conservación, mantemento, avirías e reparacións. Ferramentas. Tipos de materiais.

TEMA 8.- Elementos que forman a rede de distribución de auga potable. Evacuación de augas e rede de sumidoiros. Ferramentas. Conservación, mantemento, avirías e reparacións. Ferramentas e equipos.

TEMA 9.- Redes de alumado público. Ferramentas. Conservación, mantemento, avirías e reparacións.

TEMA 10.- O Concello de Castroverde. Ubicación, distribución e delimitación. Parroquias e entidades singulares. Rede viaria nacional, provincial e municipal.

**ANEXO II.- SOLICITUDE****SELECCIÓN DE PERSOAL PARA BOLSA DE EMPREGO COMO FUNCIONARIO INTERINO**

<b>DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO</b>	
DENOMINACIÓN:	PEÓN DE SERVIZOS MÚLTIPLES
RÉXIME XURÍDICO:	FUNCIONARIO Escala Administración Especial, Subescala Servizos Especiais, grupo de clasificación agrupacións profesionais.
Data da Publicación da Convocatoria no BOP:	

<b>DATOS PERSOAIS</b>		
PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO DE CONTACTO PARA OS CHAMAMENTOS:	
<b>DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES</b>		
ENDEREZO:		MUNICIPIO:
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:	CORREO ELECTRÓNICO:

**DECLARO:**

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

- Ter nacionalidade española, ou estar nalgún dos supostos establecidos no artigo 57 do RDL. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión do permiso de conducir esixido nas Bases da convocatoria, ou superior, na data na que finaliza o prazo de presentación de solicitudes.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das funcións. relacionados coas actividades de conservación, mantemento e reparación de edificios , infraestruturas, instalacións e vías públicas do Concello de Castroverde.

**SOLICITO:**

Ser admitido para participar no procedemento selectivo para conformar os integrantes dunha bolsa de emprego coa finalidade da súa contratación, cando se faga necesaria, como persoal laboral de carácter temporal como Peón de Servizos Múltiples.

Marcar con unha X en caso afirmativo:

A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel de galego Celga 1 ou superior.

Castroverde, ..... de ..... de 2019.

(sinatura)

Castroverde, 7 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0397

### *Anuncio*

Bases para a formación dunha bolsa de emprego para a provisión, mediante funcionario/a interino/a, de postos de auxiliar administrativo do Concello de Castroverde.

Por acordo da Xunta de Goberno de data 6 de febreiro aprobáronse as bases que de seguido se transcriben literalmente:

## **BASES REGULADORAS QUE REXERÁN A SELECCIÓN DE PERSOAL PARA CONFORMAR OS INTEGRANTES DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE AUXILIARES ADMINISTRATIVOS PARA O CONCELLO DE CASTOVERDE.**

### **1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

1.1.- É obxecto desta convocatoria a selección de persoal para conformar os integrantes dunha bolsa de emprego coa finalidade da súa contratación, cando se faga necesaria, como funcionarios interinos de carácter temporal, ao amparo do establecido no artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, como Auxiliar Administrativo pertencente a Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, grupo subgrupo de clasificación profesional C2, polo procedemento de oposición libre.

Esta Bolsa de emprego terá unha duración máxima de cinco anos naturais, a contar dende a publicación destas bases no BOP de Lugo, sen prexuízo de que, en calquera momento, o Concello poida acordar a súa extinción mediante a convocatoria dun novo proceso selectivo.

#### 1.2.- Funcións do posto.

Tratamento e reprodución de textos, documentos e datos, despacho de correspondencia, atención ao público, tramitación de procedementos administrativos regrados baixo a dirección dun superior. Outras funcións relacionadas co posto de traballo que lle sexan encomendadas polo seu superior.

### **2. NORMATIVA DE APLICACIÓN.**

O proceso selectivo axustarase, en todo o non expresamente previsto nas presentes Bases, ás normas contidas en:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos ao que debe axustarse o procedemento de selección dos Funcionarios da Administración Local.
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba el Regulamento Xeral do Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG).

### **3. REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OS ASPIRANTES.**

Para ser admitido a esta convocatoria, os aspirantes deberán reunir, na data na que finalice o prazo de presentación de solicitudes, todos e a cada un dos seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do RDL. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatuarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser natural doutro Estado,

non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, non seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Calquera das seguintes titulacións: Graduado Escolar, Bacharelato Elemental, Ensinanza Secundaria Obrigatoria – LOGSE, Formación Profesional de primeiro grao ou equivalente.
- g) Nivel de coñecemento idioma galego: Celga 4 ou equivalente (de non ter o título haberá que realizar unha proba o día do exame).

#### 4. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

4.1 Os que desexen tomar parte neste proceso de selección deberán dirixir a súa solicitude, segundo o modelo previsto no Anexo II destas bases de selección, ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Castroverde, presentándoa no rexistro xeral do citado Concello ou nos lugares que determina o artigo 16.4 da LPACAP, dentro do prazo **de 20 días naturais**, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial Provincial de Lugo. No caso de que se opte por presentar a solicitude nunha oficina de Correos, farase en sobre aberto para que a solicitude sexa fechada e selada polo persoal de Correos antes de ser certificada.

4.2 As bases publicaranse integramente no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello (<https://concellodecastroverde.gal>).

4.3 Na solicitude farase constar que se reúnen os requisitos esixidos para tomar parte no proceso selectivo.

Documentación que debe acompañar á solicitude:

- a) Fotocopia do D.N.I. compulsada.
- b) Fotocopia compulsada do permiso de conducir.
- c) Fotocopia compulsada do título de Celga 4 ou equivalente.

4.4 Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará Resolución declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web (<https://concellodecastroverde.gal>), con indicación das causas de exclusión, así como o prazo de emenda de defectos e presentación de reclamacións que se concede aos aspirantes excluídos, nos termos do artigo 68 LPACAP, que será de 5 días hábiles.

4.5.- De existir reclamacións a súa resolución farase pública na forma indicada para a lista provisional de admitidos.

4.6.- Transcorrido o prazo de reclamacións e unha vez resoltas estas, a Alcaldía ditará resolución aprobando:

- a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas
- a designación dos membros do Tribunal a efectos de poder promover a recusación dos seus membros.
- a data e lugar para constitución do Tribunal.
- a data e lugar de celebración da primeira proba.

Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web (<https://concellodecastroverde.gal>).

Contra a resolución aprobatoria da lista definitiva poderán os interesados interpoñer recurso potestativo de reposición previsto nos arts. 123 e 124 LPACAP, ou alternativamente recurso contencioso-administrativo, nos termos da vixente Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

O feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se recoñeza a quen participe a posesión dos requisitos esixidos na convocatoria. Cando do exame da documentación presentada, ou da que obra en poder do Concello, se desprenda que no posúen algún dos requisitos esixidos, decaerán todos os dereitos que puideran derivarse da súa participación na convocatoria.

4.7.- Coa publicación das listas de persoas admitidas e excluídas considerarase efectuada a correspondente notificación.

4.8.- Os erros de feito poderán emendarse en calquera momento, de oficio o a petición del interesado.

#### 5. DOS DEMAIS TRÁMITES PREVIOS Á CALEBRACIÓN DAS PROBAS E O TRIBUNAL CALIFICADOR.

5.1.- A composición do tribunal axustarase ao establecido no artigo 60 TREBEP. Constituirá atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, tendendo á paridade entre mulleres e homes. Terá a consideración de órgano colexiado e, como tal, estará suxeito ás normas contidas nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público —LRJSP—.

5.2.- A efectos do disposto no art. 30 e no anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, o órgano de selección que actúe neste proceso selectivo, terá a categoría terceira.



5.3.- O Tribunal poderá nomear colaboradores, especialistas e axudantes, que estarán sempre baixo a súa dirección e control directos, para aquelas probas que o requiran, limitándose o exercicio das súas especialidades técnicas en base ás cales colaborarán co tribunal con voz, pero sen voto. Os asesores e especialistas estarán sometidos ás mesmas causas de abstención e recusación que os membros do tribunal.

5.4.- O Tribunal estará composto pola Presidencia, a Secretaría e polo menos tres Vogais, actuando todos eles con voz e voto. Todos os seus membros deberán estar en posesión dunha titulación igual o superior a esixida aos aspirantes e pertencer ao mesmo grupo de titulación o superiores; non obstante, en ningún caso estará constituído maioritariamente por membros en activo do mesmo corpo ou a mesma escala para os que deba efectuarse a selección.

5.5.- A Presidencia poderá requirir aos membros do órgano de selección unha declaración expresa de non encontrarse sometidos a ningunha das causas de abstención legalmente previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público —LRJSP—. Igualmente, aqueles incorresen en causa de abstención deberán comunicalo á Alcaldía no prazo máximo de 10 días.

5.6.- O Tribunal deberá constituírse antes das probas selectivas. No poderá constituírse sen a asistencia, como mínimo, da metade máis un dos seus membros titulares o suplentes indistintamente. Para a válida constitución e actuacións do Tribunal requirirase a presenza do Presidente e do Secretario/a ou, no seu caso, de aqueles que os substitúan.

5.7.- O Tribunal resolverá por maioría tódalas cuestións que poidan xurdir en relación coa interpretación e aplicación das bases da convocatoria.

## 6. DO CALENDARIO DO PROCESO SELECTIVO.

6.1.- O calendario de celebración das probas farase público mediante publicación o anuncio no Taboleiro de anuncios do Concello e no seu sitio web (<https://concellodecastroverde.gal>).

6.2.- Concluída a primeira proba, o ritmo de celebración das sucesivas decidirase polo Tribunal, que con carácter xeral deberá observar un intervalo mínimo de dous días.

6.3.- Os aspirantes serán convocados en chamamento único e quedarán decaídos no seu dereito cando se presenten nos lugares de celebración unha vez iniciadas as probas ou pola non asistencia ás mesmas, aínda cando se deba a causas xustificables.

6.4.- O orde de actuación dos aspirantes iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece por la letra «Ñ», segundo o disposto na Resolución de 11 de abril de 2018, da Secretaría de Estado de Administracións Públicas, pola que se publica o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento Xeral do Ingreso do persoal ao servizo da Administración del Estado. No suposto de que non existan aspirantes cuxo primeiro apelido comece por la letra «Ñ», o orde de actuación iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece por la letra «O», e así sucesivamente.

6.5.- O tribunal poderá requirir aos aspirantes en calquera momento para que acrediten a súa personalidade, a cuxo fin deberán acudir provistos do DNI o, en defecto deste, de outro documento oficial que acredite a súa identidade.

## 7. PROCESO SELECTIVO.

O proceso selectivo constará unicamente da fase de oposición, composta por dúas probas obrigatorias e eliminatorias para tódolos aspirantes, unha proba de carácter teórico, e posteriormente, para aqueles candidatos que superasen a mesma, unha proba de carácter práctico.

### 7.1 Proba de carácter teórico.

A proba de carácter teórico consistirá en contestar por escrito, no tempo máximo dunha hora, a un cuestionario de corenta ( 40 ) preguntas con tres alternativas de resposta, das que só unha delas será válida, sobre as materias incluídas no temario que figura como Anexo I das presentes bases.

Esta proba valorarase cunha puntuación máxima de 40 puntos, penalizándose os erros con 0,50 puntos por cada resposta errónea. Superarán a proba aqueles aspirantes que obteñan, polo menos, o 50 por 100 da puntuación máxima establecida na proba (20 puntos). Aqueles aspirantes que non alcanzasen como mínimo 20 puntos quedarán eliminados do proceso selectivo.

### 7.2 Proba de carácter práctico.

Consistirá nunha proba práctica establecida libremente polo Tribunal relacionada coas funcións da praza/posto que se convoca e terá por obxecto comprobar a aplicación práctica dos coñecementos que se inclúen no temario anexo nun suposto concreto que responda as funcións ou tarefas da praza/ posto de traballo que se convoca.

Realizarase utilizando ordenador, de xeito que permita valorar tamén o manexo de ferramentas informáticas a nivel de usuario ( Procesador de textos, folla cálculo, correo electrónico, Internet, etc), así coma rapidez, corrección e presentación de textos e do propio exercicio no seu conxunto.

O tempo máximo para a realización do exercicio será dunha hora .

Este exercicio terá carácter obrigatorio e eliminatorio. Puntuarase de 0 a 20 puntos, sendo necesario obter un mínimo de 10 puntos para superalo.

7.3 As convocatorias para ámbalas dúas probas realizarase mediante chamamento único ao que as persoas participantes deberán acudir provistas do Documento Nacional de Identidade, pasaporte ou permiso de conducir.

7.4 Proba de galego.

Aqueles aspirantes que superasen ámbalas dúas probas, e non tivesen acreditado o nivel de coñecemento da lingua galega CELGA 4 ou equivalente, deberán obrigatoriamente realizar unha proba adicional de coñecemento desta lingua que terá un contido axeitado ao devandito nivel de competencia. A proba terá carácter eliminatorio se non fose superada polo aspirante e valorarase ao mesmo como APTO ou NON APTO.

## 8. CUALIFICACIÓN FINAL DA FASE DE OPOSICIÓN E RELACIÓN DE APROBADOS

8.1 Obtidos os resultados dos exercicios da fase de oposición, o Tribunal fará pública no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web municipal, a cualificación final por orde de puntuación e elevará esta ao Alcalde do Concello con proposta de inclusión dos candidatos que superaron a fase de oposición por orde de puntuación, de maior a menor, na bolsa que se forme ao efecto.

8.2 A bolsa de emprego aprobarase e quedará constituída definitivamente por Resolución de Alcaldía. Os aspirantes que resulten incluídos na bolsa non ostentarán dereito subxectivo algún, salvo o orde de prioridade no chamamento que poida efectuar o Concello.

8.3 Si algún dos aspirantes propostos decaera no seu dereito por incumprimento dos requisitos previstos nestas bases, a proposta do Tribunal entenderse automaticamente referida aos aspirantes que lle sigan no orde de puntuación.

## 9. ORDE DE CHAMAMENTO E FUNCIONAMENTO DA BOLSA

9.1 Chamamento.

O chamamento das persoas integrantes da bolsa de traballo, realizarase pola orde de cualificación definitiva. O orde de preferencia deberá ser respectado no momento de efectuar un novo nomeamento excepto para o caso sinalado no penúltimo parágrafo do artigo 9.2. destas bases.

O chamamento realizarase mediante chamada telefónica. O primeiro intento farase en horario de mañá das 09:00 horas as 15:00 horas. De ser infrutuoso o primeiro intento de comunicación telefónica farase un segundo intento o mesmo día en horario de tarde das 15:01 horas as 20:00 horas, debendo mediar sempre unha diferenza como mínimo de tres horas entre o primeiro e o segundo intento. De ser infrutuoso tamén este segundo intento farase un terceiro e último intento de comunicación o seguinte día hábil en horario de mañá das 09:00 horas as 15:00 horas. Dos intentos realizados estenderase dilixencia ao efecto, facéndose constar o día e hora dos intentos de comunicación e o seu resultado. Naqueles casos en que se consiga a comunicación telefónica farase constar a identidade da persoa receptora da chamada, dándose en calquera caso o chamamento por realizado a tódolos efectos.

Feita a comunicación, se a persoa aspirante localizada manifestase a súa intención de aceptar o nomeamento, deberá persoarse o seguinte día hábil, en horario de 09:00 a 14:00 horas, nas dependencias do Concello de Castroverde para formalizar a aceptación do nomeamento.

En calquera caso, de non ser posible a comunicación, segundo o establecido no parágrafo anterior, ou non se formalizase a aceptación de nomeamento polo aspirante no prazo indicado por causa imputable ao mesmo, pasarase a realizar o chamamento do seguinte aspirante.

Para a correcta localización dos candidatos, os integrantes da Bolsa están obrigados a comunicar por escrito calquera variación do número de telefono, do contrario consideraranse non localizables e por tanto excluídos.

9.2 Renuncia.

Consideraranse causas xustificadas de renuncia á oferta de traballo as seguintes circunstancias que deberán ser acreditadas:

- Estar traballando no momento de ser chamado por este Concello.
- Estar en situación de incapacidade temporal derivada dunha enfermidade, accidente de traballo ou baixa maternal, con comunicación da baixa.

En estes dous únicos casos non darán lugar ao desprazamento ou a baixa na bolsa de emprego, respectándose por tanto a orde do aspirante na lista cando se produza a seguinte necesidade de persoal. Nestes casos será necesario aportar o correspondente xustificante nun prazo non superior a 5 días hábiles dende que se produce o chamamento telefónico, quedando o interesado en situación de suspensión de chamada hasta que finalicen as causas alegadas. A falta de remisión do documento que acredite a xustificación das anteditas causas, da lugar, ao desprazamento ao último lugar da bolsa constituída. No caso de que finalice o motivo da causa alegada, deberá comunicalo por escrito, inescusablemente, pois do contrario non será chamado para as seguintes ofertas de traballo, que por orden de prelación lle corresponda.

Cando a unha persoa se lle comunica a oferta de traballo e rexeite a mesma inxustificadamente, non conteste ou se encontre en situación de ilocalización, pasará ao final da lista, salvo que o interesado manifieste expresamente a súa vontade de ser excluído da mesma.

### 9.3 Exclusión

Considerase causa de exclusión, e por tanto de baixa na bolsa, cando o Concello tras efectuar un terceiro chamamento para distintas ofertas de traballo, o aspirante rexeite a oferta inxustificadamente, se absteña de contestar ou se manteña ilocalizable.

## 10.VINCULACIÓN DAS BASES

As presentes Bases vinculan ao Concello, ao órgano de selección e a aqueles que participen nas probas do proceso selectivo. Tanto as Bases, como cantos actos administrativos deriven da convocatoria e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos, prazos e forma establecidos na Lei 39/2015 LPACAP.

Contra estas Bases, que poñen fin a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte a súa publicación de conformidade co establecido nos artigos 112.1, 114.1.c), 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Tamén poderá interpoñer alternativamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses, de conformidade co establecido nos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

### ANEXO I.

TEMA 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura. Características xerais. Principios que informan a Constitución Española de 1978. O Título Preliminar da Constitución. Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas.

TEMA 2.-O Estatuto Básico de Autonomía de Galicia. Título Preliminar. As institucións da Comunidade Autónoma: O Parlamento. O consello da Xunta. O/a Presidente/a.

TEMA 3.- Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. O acto administrativo: Concepto e clases. A eficacia dos actos administrativos. Nulidade e anulabilidade.

TEMA 4.- Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas O procedemento administrativo: Iniciación, ordenación, instrución e terminación. A obriga de resolver. O silencio administrativo.

TEMA 5.- Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Eficacia dos actos administrativos. Notificación e Publicación.

TEMA 6.- Lei 39/2015, de 2 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas Os recursos administrativos. Concepto e clases, requisitos xerais. Os recursos ordinarios.

TEMA 7.- Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. Organización municipal. Órganos necesarios e órganos complementarios. As competencias do municipio.

TEMA 8.- Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local. O/a alcalde/sa: competencias, forma de elección e cesamento. Os/as tenentes de alcalde/sa. A Xunta de Goberno Local: composición e atribucións. O Concello Pleno: composición e competencias. As comisións informativas.

Tema 9.- Funcionamento dos órganos colexiados locais. Réxime de sesión e acordos. Actas, certificacións, notificacións e publicación dos acordos.

Tema 10.- Título I do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das Facendas Locais. Enumeración dos recursos das Facendas Locais. A imposición e ordenación dos tributos locais. As Taxas Locais: Feito Impoñible, supostos de non suxeición e exención. Os Prezos Públicos: Concepto.

TEMA 11.- Título II do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais. Os Impostos Locais: Natureza, Feito Impoñible e Suxeitos Pasivos. Beneficios Fiscais nos impostos locais: Exencións e Bonificacións.

TEMA 12.- Os orzamentos das Corporacións Locais: Estrutura. Elaboración e aprobación. Bases de execución do orzamento.

Tema 13.-. Execución do orzamento. Modificacións orzamentarias. Liquidación do orzamento. A conta xeral. Tramitación.

TEMA 14.- Lei 9/2017, de contratos do sector público. Os contratos administrativos. O obxecto do contrato, o prezo e a súa revisión. Clasificacións dos contratos. Clases de contratos. O procedemento aberto simplificado e supersimplificado.

Tema 15.- Especial referencia ao contrato de obras: actuacións preparatorias e expediente de contratación.

Tema 16. A Lei 2/2016, do Solo de Galicia. O Decreto 143/2016. Especial referencia ao réxime de licenzas e comunicacións previas.

Tema 17. Texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público. A función pública Local e a súa organización. Situacións administrativas. Réxime de incompatibilidades.

**ANEXO II.- SOLICITUDE****SELECCIÓN DE PERSOAL PARA BOLSA DE EMPREGO COMO FUNCIONARIO INTERINO**

<b>DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO</b>	
DENOMINACIÓN:	AUXILIAR ADMINISTRATIVO
RÉXIME XURÍDICO:	FUNCIONARIO Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, subgrupo de clasificación profesional C2.
Data da Publicación da Convocatoria no BOP:	

<b>DATOS PERSOAIS</b>		
PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO DE CONTACTO PARA OS CHAMAMENTOS:	
<b>DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES</b>		
ENDEREZO:		MUNICIPIO:
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:	CORREO ELECTRÓNICO:

**DECLARO:**

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

- Ter nacionalidade española, ou estar nalgún dos supostos establecidos no artigo 57 do RDL. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación esixida nas Bases da convocatoria na data na que finaliza o prazo de presentación de solicitudes.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das funcións correspondentes ao posto de auxiliar administrativo, Escala Administración Xeral, Subescala Auxiliar, subgrupo de clasificación profesional C2.

**SOLICITO:**

Ser admitido para participar no procedemento selectivo para conformar os integrantes dunha bolsa de emprego coa finalidade da súa contratación, cando se faga necesaria, como auxiliar administrativo, Escala de Administración Xeral, Subescala Auxiliar, subgrupo de clasificación profesional C2..

Marcar cunha X en caso afirmativo:

A exención de realizar a proba de galego por posuír o nivel de competencia en lingua galega Celga 4 ou  ior.

Castroverde, ..... de ..... de 2019.

(sinatura)

**AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE**

Castroverde, 7 de febreiro de 2019.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 0401

## O CORGO

### Anuncio

O Sr. Alcalde, o día 1 de febreiro, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DE PROVISIONAL DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, MEDIANTE CONCURSO OPOSICIÓN, SEIS PRAZAS DE AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR DE PERSOAL LABORAL FIXO.

#### Corrección de erros no Anexo I - Temario.

De conformidade co establecido na base QUINTA da convocatoria, ábrese un prazo de 10 días hábiles para subsanación de defectos, que comezará a contarse desde o día seguinte ao da publicación desta lista no BOP de Lugo.

#### ADMITIDOS:

NOME	DNI	EXAME GALEGO
CASTRO PORTOMEÑE, AIDA	33315462 P	EXENTA
CORREA DOS SANTOS, SANDRA MARÍA	X2351081K	NON EXENTA
FERNÁNDEZ VIVERO, MELANIA	76574306 S	NON EXENTA
GAYOSO LÓPEZ, MÓNICA	76575358 D	EXENTA
GONZÁLEZ PARAJUÁ, PATRICIA	33542172 F	EXENTA
GUNDIÁN LÓPEZ, LUCÍA	33311183 F	EXENTA
LÓPEZ LÓPEZ, SUSANA	76576558 J	EXENTA
PANO DE LA FUENTE, M <sup>a</sup> DEL CARMEN	01100111 K	EXENTA
PAZ FERNÁNDEZ, MARÍA TERESA	33332936 W	EXENTA
PÉREZ LÓPEZ, JOSEFA	33346063 L	EXENTA
PÉREZ REGO, BEGOÑA	33545440 D	EXENTA
PÉREZ SILVA, M <sup>a</sup> CONCEPCIÓN	33315594 W	NON EXENTA
REDONDO PEREIRA, ADELAIDA	12723061 J	EXENTA
REIJA SÁNCHEZ, NOELIA	46830502 W	EXENTA
RIVEIRA SEIJAS, MARÍA LUISA PILAR	33332056 L	EXENTA
SAL CASTEDO, ESPERANZA	33319014 H	EXENTA
SAMPRÓN NÚÑEZ, MÓNICA	33346830 G	EXENTA
SOMOZA MAGDALENA, M <sup>a</sup> DEL PILAR	76618309 L	NON EXENTA
SUÁREZ CABANAS, ROSA MARÍA	33332966 D	NON EXENTA
TORRÓN RAMOS, ÁNGELA	33540164 T	EXENTA
VILLARES MARBÁN, ALBA	33547702 V	EXENTA

YÁÑEZ CRECENTE, Mª LUZ	33332014 T	EXENTA
------------------------	------------	--------

**EXCLUIDOS:**

Non hai.

O feito de figurar na lista provisional de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira das bases.

Por outra banda, detectado un pequeno erro no Anexo I (Temario) das bases publicadas, procédese á súa corrección do seguinte xeito: Corrixir o Anexo I (Temario) das bases da convocatoria, no Tema 25, onde di: "realidade patolóxica", debe dicir "soedade patolóxica"

O Corgo, 5 de febreiro de 2018.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González

R. 0375

## FRIOL

### Anuncio

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 13 de decembro de 2018 e o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das axudas para concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola e gandeiro.

**6.- ORDENANZA REGULADORA PARA CONCENTRACIÓN DE FINCAS RÚSTICAS DESTINADAS A USO AGRÍCOLA E GANDEIRO.-** Dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía referida á ordenanza reguladora das axudas á concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola e gandeiro, que se somete á aprobación do Pleno, en canto órgano competente para elo. O Concello considera de interese público apoiar ao sector primario, agrícola e gandeiro, para mellorar os custes de produción e unha maior rendabilidade, en orde á diminución do minifundismo, incentivando a concentración de fincas rústicas destinadas ao uso agrario para a potenciación do sector, mediante axudas económicas destinadas a favorecer a produción, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dun sector que non da arrancado, intentar que as explotacións sexan mais rendibles.

A concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez Martínez, comeza a súa exposición dicindo que viu os orzamentos da Xunta, nos que non hai cartos destinados ás parcelarias, cando se trata de unha competencia das Comunidades Autónomas. Aínda que non considera que sexa competencia do concello, están de acordo coa proposta e votarán a favor da mesma.

O Sr. Alcalde responde que está de acordo co exposto pola concelleira, poñendo de manifesto, entre outras cuestións, o gasto sanitario da Deputación, en relación coas explotacións de porcino. Despois dun cruce de intervencións ao respecto, sométese a proposta a votación.

Á vista do actuado, da documentación obrante no expediente, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- A aprobación inicial da ordenanza reguladora das axudas concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola e gandeiro, conforme se transcribe a continuación.
- En cumprimento do disposto no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, no devandito prazo.
- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse, o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que os acordos definitivos e o texto da ordenanza se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos artigos 49 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local.

### **ORDENANZA REGULADORA DA concesión de SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS para CONCENTRACIÓN DE FINCAS RÚSTICAS DESTINADAS A USO AGRÍCOLA OU GANDEIRO.-**

**1.- Obxecto.-** é obxecto da presente convocatoria apoiar ao sector primario, agrícola e gandeiro, para mellorar os custes de produción e unha maior rentabilidade, en orde á diminución do minifundismo, incentivando a concentración de fincas rústicas destinadas ao uso agrario para a potenciación do sector, mediante axudas económicas destinadas a favorecer a produción, contribuíndo a mellorar a calidade de vida dos habitantes do Concello.

**2.- Requisitos xerais para acceder a convocatoria.-** Considerase gasto de investimento, o importe das escrituras notariais da permuta de fincas rústicas destinadas a uso agrario ou gandeiro. En ningún caso se considerará como gasto de investimento, outro que non sexa o importe da escritura pública na que se formalice a operación.

**3.- Liña de subvención.-** o feito subvencionable, será a concentración da propiedade destinada ao uso agrario ou gandeiro, considerando elo como unha medida de apoio ao sector primario.

**Segundo o disposto na lei de subvencións de Galicia, terán a consideración de beneficiarios a persoa que realice a actividade que fundamentou o seu outorgamento, o que se atope na situación que lexítima a súa concesión.**

**Poderán ser beneficiarias destas axudas os propietarios de terreos de natureza rústica, que mediante operación de segregación ou permuta, concentren a propiedade de natureza rústica, previo cumprimento dos requisitos legais para elo.**

Poderá ser beneficiario a axuda as persoas física, xurídicas, sociedades civís, sociedades de responsabilidade limitada, cooperativa de traballo asociado, cooperativas e sociedade laboral (limitada o anónima), as comunidades de bens, ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado, que aínda carecendo de personalidade xurídica, poidan levar a cabo o obxecto da subvención, ou se atopen na situación que motiva a súa concesión.

**4.- Contía das subvencións.- En función dos custes notariais da operación de permuta, e do e do crédito establecido na partida orzamentaria correspondente do Orzamento Xeral Municipal procederase a conceder a subvención polo importe máximo do 50% do devandito importe. No caso de concurrencia de outras axudas, minorarase proporcionalmente o importe. O concello realizará este gasto con cargo á partida orzamentaria específica para elo, que se contemplará nos orzamentos, cuxa existencia se vinculará á aplicación da ordenanza, na medida en que debe estar previsto no crédito axeitado e suficiente para a súa efectividade. O concello, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da modificación orzamentaria, poderá incrementar ou disminuir o importe legal e en consecuencia a cantidade a outorgar a cada beneficiario. Non poderá satisfacerse a axuda, sen que se dispoña da consignación para elo.**

**5.- Documentación xeral.-** Xunto coa instancia-solicitud, en modelo normalizado, deberá presentarse a seguinte documentación:

1) Fotocopia do D.N.I. ou C.I.F.

2) Breve memoria explicativa das operacións realizadas en orde á concentración de fincas rústicas. No caso que, de conformidade co disposto na vixente lexislación urbanística, as operacións realizadas precisen de autorización ou licenza municipal, será requisito imprescindible a obtención previa da mesma,

3) A escritura pública na que se formalice a operación, acompañada de documentos xustificativos do gasto e facturas reais.

4) Xustificante de axudas ou subvencións obtidas e/ou solicitadas a outras administracións públicas para a mesma actuación, ou declaración ao respecto da inexistencia das mesmas.

5) Certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social ou tener concedido aprazamento.

6) Calquera outra documentación que se considere necesaria para a correcta valoración do expediente de solicitude de subvención.

**6.- Órganos competentes e presentación de solicitudes.-** As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral de Concello de Friol, ou por calquera dos medios admitidos na lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas.

As solicitudes irán dirixidas ao. Alcalde-Presidente, sendo órgano competente para a resolución será, con carácter xeral, a Xunta de Goberno Local.

**7.- Tramitación.-** O expediente tramitarase polos Servizos Técnicos Municipais, unha vez que os/as solicitantes presenten a documentación esixida para acceder á axuda obxecto da presente ordenanza.

A unidade tramitadora poderá solicitar documentación complementaria e facer as comprobacións que sexan necesarias para a súa proposta de resolución. A solicitude de documentación non interromperá o cómputo de prazos. Entenderase que os interesados desisten da súa pretensión cando non aporten no prazo a documentación solicitada que sexa esencial para a resolución.

A Administración terá a facultade de interpretación do presente documento fronte ás posibles dúbidas que puideran xurdir na súa aplicación.



**8.-Resolución e notificación.-** A resolución que acorde a concesión ou denegación da subvención solicitada ditarase pola Xunta de Goberno, por orde cronolóxica de solicitude. Denegarase no caso de non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda, ou estar esgotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esa finalidade. No caso de quedar acreditado o dereito á mesma, outorgarase unha vez aprobada modificación de créditos que habilite o crédito correspondente, polo Pleno do Concello, en canto órgano competente.

**9.- Réxime xurídico.-** a normativa que regula a concesión de estas axudas, no que non estea previsto nas bases, será a establecida na lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións, así como no regulamento xeral de subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**10.- Disposición transitoria.-** durante o exercicio de 2019, serán subvencionables as operacións que se leven a cabo a partir do 1 de xaneiro de 2019, supeditado non obstante, ao resultado do transcurso do prazo de información pública da presente ordenanza.

**Disposición final.-** contra este acordo cabe interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o mesmo órgano que o ditou, ou pode ser impugnado directamente interpoñendo recurso contencioso administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE AXUDA PARA CONCENTRACIÓN DE FINCAS RÚSTICAS DESTINADAS A USO AGRÍCOLA OU GANDEIRO.-****SOLICITANTE**

<b><u>Nome e Apelidos</u></b>	<b><u>D.N.I.</u></b>	<b><u>Teléfono</u></b>

**DIRECCION PARA NOTIFICACIÓNS**

<b><u>Rua/lugar</u></b>	<b><u>Número</u></b>	<b><u>Parroquia</u></b>	<b><u>Correo Electronico</u></b>

**DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:**

- o 1) Fotocopia do D.N.I. ou C.I.F.
- o 2) Breve memoria explicativa das operacións realizadas en orde á concentración de fincas rústicas. No caso que, de conformidade co disposto na vixente lexislación urbanística, as operacións realizadas precisen de autorización ou licenza municipal, será requisito imprescindible a obtención previa da mesma,
- o 3) A escritura pública na que se formalice a operación, acompañada de documentos xustificativos do gasto e facturas reais.
- o 4) Xustificante de axudas ou subvencións obtidas e/ou solicitadas a outras administracións públicas para a mesma actuación, ou declaración ao respecto da inexistencia das mesmas.
- o 5) Certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente nas súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social ou tener concedido aprazamento.
- o 6) Calquera outra documentación que se considere necesaria para a correcta valoración do expediente de solicitude de subvención.

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Friol, reguladora da concesión de axudas para concentración de fincas rústicas destinadas a uso agrícola ou gandeiro, do concello de Friol, aprobada polo Pleno do Concello, para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Friol, a

Conforme ao disposto á normativa de aplicación de protección de datos de carácter persoal, os contidos tratados de xeito confidencial, poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Friol, relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicie o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación rectificación e oposición comunicándollo mediante escrito que deberá presentar no rexistro xeral do Concello.

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde, proclamouse o acordo adoptado.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativo, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxuício da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol a 7 de febreiro de 2019.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 0376

### *Anuncio*

Cumprindo o disposto no art. 70 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, faise público o acordo adoptado polo Pleno do Concello na sesión celebrada o 13 de decembro de 2018 e o texto da modificación da ordenanza fiscal reguladora das axudas á natalidade.

**5.- ORDENANZA REGULADORA DAS AXUDAS Á NATALIDADE.-** Dáse conta ao Pleno da proposta da Alcaldía referida á ordenanza reguladora das axudas á natalidade, que se somete á aprobación do Pleno, en canto órgano competente para elo. O Concello considera de interese público o apoio as familias, circunscibíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción. Este é o fundamento e o fin da ordenanza que pretende incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal. Na mesma régúlase o réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.

Despois da exposición da proposta polo Sr. Alcalde, a concelleira do Grupo Socialista Sra. Martínez, di que quere matizar ao respecto un par de cuestións, que non lle deu tempo a pasar por rexistro. Refírense ao art. 4 da ordenanza, sobre os beneficiarios. No punto a) Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias mono parentais, que teñan fillos, pensa que debería dicir “que vaian ter fillos”. Tampouco está de acordo co disposto no b) “Os adoptantes de nenos menores de 5 anos”, considerando que debería modificarse ata os termos legais do que se considere menor de idade.

O Sr. Alcalde di que non hai problema en modificar a proposta de ordenanza, nos termos propostos pola concelleira do Grupo Socialista, modificando a forma verbal no apartado a) e no apartado b), referente aos adoptados, ata 18 anos.

Á vista do actuado, da documentación obrante ao respecto, o Pleno do Concello, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes (dez votos a favor) **ACORDA:**

- A aprobación inicial da ordenanza reguladora das axudas á natalidade, conforme se transcribe a continuación.
- En cumprimento do disposto no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, que se someta ao trámite de información pública no taboleiro de anuncios do concello por un prazo de trinta días, contados a partir do seguinte ao da publicación de edicto no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar os expedientes e presentar as reclamacións ou suxerencias que estimen oportunas, no devandito prazo.
- Que se dea conta ao Pleno do Concello das reclamacións que se presenten, que se resolverán polo mesmo con carácter definitivo. No caso de non presentarse, o acordo, ata entón provisional, elevarase a definitivo, sen necesidade de novo acordo plenario.
- Que os acordos definitivos e o texto da ordenanza se publiquen no Boletín Oficial da Provincia, para a súa vixencia e posible impugnación xudicial, conforme ao previsto nos artigos 49 e 70.2 do Lei reguladora das bases de réxime local.

### **ORDENANZA REGULORA DAS AXUDAS POR NACEMENTO OU ADOPCIÓN NO CONCELLO DE FRIOL.-**

**Art. 1.- Fundamento.-** A presente ordenanza ten o seu fundamento nas competencias que o art. 2 e o art. 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, outorga a este Concello.

O artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril, establece que os Concellos para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Concello considera de interese público o apoio as familias, circunscibíndose, dentro do mesmo o fomento da natalidade ou adopción. Este é o fundamento e o fin da presente ordenanza que pretende incentivar os novos nacementos de fillos de familias que residan no termo municipal.

**Art. 2.- Obxeto.-** O obxeto desta ordenanza é a regulación do réxime xurídico do outorgamento de axudas para o fomento da natalidade e da adopción neste Concello, coa finalidade de axudar a fixar poboación dentro do termo municipal.

**Art. 3.- Natureza da axuda.-** As axudas que se outorguen conforme á presente ordenanza teñen a natureza de subvención directa conforme ao establecido no artigo 22.2.c) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

**Art. 4.- Beneficiarios.-** Serán beneficiarios das subvencións rexidas pola presente ordenanza:

- a) Os proxenitores, xa sexan casados, parellas de feito ou familias mono parentais, que vaian ter fillos.
- b) Os adoptantes de nenos menores de 18 anos.

Nos supostos de nulidade, separación ou divorcio dos proxenitores, será beneficiario o proxenitor que teña a custodia do fillo/a.

**Art. 5.- Requisitos para a concesión da subvención.-** Dará lugar ao recoñecemento da subvención, cada nacemento que teña lugar ou cada adopción que se formalice por los beneficiarios sinalados no artigo anterior a partir de 1 de xaneiro de 2019.

Para elo será requisito imprescindible, que residan no Concello con carácter efectivo e acreditados neste Concello alomenos dous anos de antigüidade un dos proxenitores, ou adoptantes, no caso de casados ou parellas de feito, ou no seu caso de familias monoparentais. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición no padrón de habitantes, así como o libro de familia.

- O menor recién nado ou adoptado, terá que ser empadroado por primeira vez neste concello e convivir cos solicitantes no mesmo enderezo. Será documento acreditativo o certificado de empadramento e inscrición no padrón de habitantes. No caso de que algún dos proxenitores se atope traballado no extranxeiro ou noutra comunidade, non figurando empadroado neste concello, deberá acreditarlo con copia do correspondente contrato de traballo.

Será requisito para o pago efectivo da axuda, que as persoas beneficiarias sinaladas nos apartados anteriores continúen residindo no Concello, e que en todo caso, o recién nado fora empadroado por primeira vez no Concello. No caso de adopción, que no prazo dun mes a contar dende a resolución xudicial, sexa inscrito no padrón, asimismo no enderezo do adoptante.

En ningún caso poderán ser beneficiarios os proxenitores privados da patria potestade dos seus fillos, ou si a tutela ou garda fora asumida por unha institución pública.

Os beneficiarios deberán atoparse ao corrente dos seus deberes tributarios coa Facenda, coa Seguridade Social e co Concello de Friol, cuestión esta última que será comprobada de oficio polo propio Concello.

- Os ingresos da unidade familiar non pode superar 3.5 veces o SMI, sinalado para o ano correspondente no que se efectúe a solicitude de axuda.

**Art. 6.- Coantía das axudas e imputación do gasto.-** Cada nacemento que teña lugar, ou cada adopción que se formalice cumprindo os requisitos sinalados nesta ordenanza, será obxecto dunha axuda de 600 €

Considerarase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor de garda e protección do menor e os fillos solteiros menores de 25 anos que convivan no enderezo familiar ata a data da solicitude.

Non poderá percibirse máis dunha axuda por nacemento ou adopción. No caso de partos múltiples terase dereito a percibir un 100% adicional para cada fillo. No caso de adopción de máis dun menor, terase en conta a mesma porcentaxe de incremento.

O Concello anualmente no seu orzamento, como requisito imprescindible, destinará a cantidade a conceder por axudas á natalidade. A imputación do gasto realizarase con cargo a esa partida orzamentaria específica, que se creará no orzamento xeral do Concello, cuxa existencia vincularase á aplicación desta ordenanza na medida en que debe estar previsto no crédito de xeito adecuado e suficiente para a súa efectividade.

Non obstante o disposto no apartado anterior, á vista das cifras resultantes, previa a tramitación da correspondente modificación orzamentaria, poderá incrementar ou disminuir o importe global e en consecuencia, a cantidade a outorgar a cada beneficiario.

**Art. 7.- Procedemento de concesión.-** As axudas solicitaranse ao Sr. Alcalde – Presidente, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou polos procedementos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo das administracións públicas, dentro dos meses seguintes ao nacemento ou adopción. Deberá presentarse conforme ao modelo que figura como anexo na presente ordenanza, no que expresamente se declarará que se cumpre con tódolos requisitos establecidos na presente ordenanza.

- Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Copia compulsada do DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.

b) Fotocopia do libro de familia.

c) Certificado de nacemento do recién nacido expedido polo Rexistro Civil, no caso de nacementos.

d) Copia autenticada da resolución xudicial no caso de adopción.

e) Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello alomenos dous anos, dun dos proxenitores, así como de inscrición no padrón de habitantes dos beneficiarios co recém nacido ou adoptado/a. Indicarase a data de empadramento do recém nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroado durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio.

f) Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto certificación negativa de Facenda.

- g) Poderán solicitarse xustificantes económicos de tódolos membros da unidade familiar, referidos ao período computable: nóminas, contratos de traballo, recibos de pensións ou calquera documentación que corresponda a cada caso e xustifique a situación económica.
- h) Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade separación ou divorcio no seu caso.
- i) Certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento dos deberes tributarios e coa Seguridade Social ou autorización ao órgano municipal competente no seu caso. No Concello comprobarase de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.
- k) Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- l) Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

Será instrutor do expediente a Concellería competente en materia de Servizos Sociais. Si a solicitude non reúne tódolos requisitos establecidos na convocatoria, o órgano competente requerirá á/ao interesada/o para que os subsane no prazo máximo de dez días, indicándolle que se non o fixera aterase por desistida/o da súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos términos previos na lexislación reguladora de procedemento administrativo.

A través do instrutor do expediente e unha vez completada a documentación formularase a correspondente proposta de resolución, debidamente motivada. As axudas concederanse pola Xunta de Goberno Local. As resolucións ou acordos de concesión da axuda faranse por orden cronolóxica de solicitude soamente poderán ser denegadas polos seguintes motivos:

- a) Non cumprir os requisitos establecidos na ordenanza para a concesión da axuda.
- b) presentar a solicitude fora do prazo establecido na ordenanza.
- c) Estar agotado o crédito orzamentario habilitado na partida para esta finalidade.

- As solicitudes resolveranse no prazo máximo de 3 meses a contar dende a data de presentación da solicitude. O vencemento do prazo máximo sin que se houbera notificado a resolución lexítima aos interesados para entender desestimado a solicitude de concesión por silencio administrativo.

**Art. 8.- Abono das Axudas.-** O pago da axuda concedida efectuarase do seguinte xeito:

- a) Un pagamento do 75% da axuda concedida mediante transferencia bancaria á conta que indicara o beneficiario da solicitude, dentro do mes seguinte á data de concesión da axuda.
- b) Un pagamento do 25% da axuda cando se acredite a residencia efectiva de un ano desde o nacemento ou adopción.

**Art. 9.- Compatibilidade das axudas.-** As presentes axudas serán compatibles con calquera outra establecida polas Administracións Públicas ou calquera dos seus organismos.

**Art. 10.- Deberes dos beneficiarios.-** A presentación de solicitude polos beneficiarios supón a aceptación incondicional das bases.

Os beneficiarios quedan obrigados a comunicar ao Concello calquera circunstancia que modifique os requisitos para obter a subvención. Os beneficiarios están obrigados a reintegrar a axuda concedida cando se incumpran os requisitos para a súa concesión establecidos nas presentes bases.

**Art.11.- Responsabilidades.-** Calquera falsidade que se detecte dará lugar ao non recoñecemento da axuda, ou no seu caso de ter percibida xa a mesma, á devolución cos intereses legais correspondentes, independentemente das responsabilidades administrativas, civís ou penais que se puideran esixir.

**Art.12.- Reintegro das Axudas.-** O incumprimento dos requisitos establecidos nas presentes bases conleva o reintegro das axudas concedidas. No caso de non cumprir co disposto, no referente a permanecer un ano mais empradroadado, desde o nacemento ou adopción, dará lugar ao reintegro da axuda. No caso de causas xustificadas para elo, o reintegro limitarase ao 50% da axuda concedida.

O réxime xurídico do reintegro das axudas, será o establecido no Título II da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007 de 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

**Art. 13.- Infraccións e Sancións.-** Serán as establecidas nos artigos 52 e seguintes da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Art. 14.- Réxime Xurídico.-** A normativa que regula a concesión das axudas á natalidade, no que non estea previsto nestas bases, será a establecida na Lei 9/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común, na Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Subvencións, así como na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

**DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Durante o exercicio 2019, tomaranse en consideración os nados dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019, aos efectos da súa consideración como beneficiarios das axudas contempladas. En todo caso, deberá esperarse a que conclúa a tramitación do expediente de aprobación da ordenanza, de conformidade coa normativa de aplicación, para o devengo da axuda, no caso de que o nacemento ou adopción fose de data anterior á conclusión do mesmo.

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presenta ordenanza, unha vez aprobada polo Pleno do Concello, entrará en vigor, unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e transcurra o prazo previsto no artigo 62.2 da Ley 7/85 de 2 de abril, por remisión do disposto no artigo 70.2 do devandito texto legal, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**ANEXO I****SOLICITUDE DE AXUDA PARA O FOMENTO DA NATALIDADE NO CONCELLO DE FRIOL****SOLICITANTE**

<u>Nome e Apelidos</u>	<u>D.N.I.</u>	<u>Teléfono</u>

**DIRECCION PARA NOTIFICACIÓNS**

<u>Rua/lugar</u>	<u>Número</u>	<u>Parroquia</u>	<u>Correo Electronico</u>

**DATOS DO FILLO**

<u>Nome e Apelidos</u>	<u>Data de nacemento</u>

**DOCUMENTACIÓN QUE ADXUNTA:**

- Copia compulsada de DNI, pasaporte ou documento administrativo que acredite a identificación do solicitante como beneficiario/a dos proxenitores.
- Fotocopia do libro de familia.
- Certificado de nacemento do recién nado expedido polo Rexistro Civil
- Copia compulsada da resolución xudicial no caso de adopción.
- Certificado de empadramento dos beneficiarios que acredite a residencia efectiva no Concello durante alomenos dous anos dun dos proxenitores, así como de inscrición padroal dos beneficiarios co recién nacido ou adoptado, indicando a data de empadramento do recién nacido e a causa de inscrición. Engadirase unha declaración, na que conste o compromiso de continuar empadroadado durante un ano mais, salvo causas que xustificasen o cambio
- Fotocopia da declaración da última declaración da renda ou no seu defecto certificado negativo de Facenda.
- Convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio no seu caso.
- Certificación de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorización do órgano municipal competente no seu caso. O Concello comprobará de oficio que os solicitantes están ao corrente no cumprimento dos deberes fiscais municipais.
- Documentación acreditativa da titularidade da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.
- Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas para a mesma finalidade.

**DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE**

Que cumpre con tódolos requisitos establecidos na Ordenanza Municipal do Concello de Friol, reguladora da concesión de axudas para o fomento da natalidade do Concello de Friol, aprobada polo Pleno do Concello, para poder obter as axudas reguladas na mesma.

Friol, a

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde, proclamouse o acordo adoptado.

O que se fai público facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdicción contencioso administrativo, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenarán a contarse a partir do día seguinte ó da súa publicación no BOP. Todo elo sen perxucio da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol a 7 de febreiro de 2019.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez.

R. 0377

## LÁNCARA

### *Anuncio*

#### **INFORMACIÓN PÚBLICA:**

Por acordo da xunta de goberno local en sesión realizada o 6 de febreiro de 2019, aprobouse o padrón de suministración de auga e IVE s/seu consumo, recollida de lixo, sumidoiros, aluguer de contador e canon autonómico de auga correspondente ao 4º trimestre 2018.

O importe total do padrón ascende a 69.281,37 €, sendo o período voluntario de cobro dende o 15 de febreiro de 2019 ó 15 de abril de 2019, de conformidade co previsto nos arts. 12 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 62.3 da Lei Xeral Tributaria.

O que se expón ao público na Casa do Concello, durante o prazo de quince días hábiles, a contar dende o seguinte, tamén hábil, da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que dictou o acto no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do prazo de exposición ó público do padrón. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación.

Este anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao abeiro do artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

En Láncara, 11 de febreiro de 2019.- O alcalde, Darío A Piñeiro López.

R. 0446

### *Anuncio*

De conformidade co decreto de alcaldía faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, de dous (2) peóns de obras públicas (4 meses)

A convocatoria e as bases aprobadas poden consultarse na sede electrónica <http://lancara.sedelectronica.gal>.

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais contados a partir do seguinte á data de publicación no BOP de Lugo.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 12 DE FEBREIRO DE 2019.- O alcalde, Darío A. Piñeiro López

R. 0441

## LUGO

### *Anuncio*

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día cinco de decembro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o acordo 9/701 **APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO PARA O ANO 2018** de aprobación da seguinte oferta de emprego público para o ano 2018:

#### **PRAZAS PROMOCIÓN INTERNA**

- 1 praza INTENDENTE DA POLICÍA LOCAL, Grupo A, subgrupo A1, escala administración especial
- 1 praza OFICIAL DA POLICÍA LOCAL, Grupo C, subgrupo C1, escala administración especial
- 1 praza ANALISTA SISTEMAS/APLICACIÓNS, Grupo A, subgrupo A1, escala administración especial.
- 1 praza ADMINISTRATIVO/A, Grupo C, subgrupo C1, escala administración xeral
- 1 praza XEFE/A PARQUE MÓBIL, Grupo C, subgrupo C1, escala administración especial
- 1 praza COORDINADOR DE PUBLICACIÓNS, , Grupo C, subgrupo C1, escala administración especial
- 1 praza TECNICO AUXILIAR ELECTRICISTA, Grupo C, subgrupo C1, escala administración especial
- 1 praza ENCARGADO/A (BRIGADA DE ZONA RURAL), Grupo C, subgrupo C2, escala administración especial



1 praza ENCARGADO/A (DEPORTES), Grupo C, subgrupo C2, escala administración especial.

1 praza AUXILIAR-ADMINISTRATIVO, Grupo C, subgrupo C2, escala administración xeral.

### OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2018

1 praza LETRADO ASESOR, Grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial.

2 prazas ARQUITECTO, Grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial. 1 praza reservada a discapacitados/as.

1 praza DIRECTOR DA BANDA DE MÚSICA, Grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial.

1 praza ENXEÑEIRO/A INDUSTRIAL, Grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial.

1 praza ENXEÑERIO/A TÉCNICO INDUSTRIAL, Grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial.

1 praza COORDINADOR/A DE DEPORTES, Grupo A, subgrupo A2, escala de administración especial.

1 praza TECNICO/A SUPERIOR DE INFORMÁTICA, Grupo C, subgrupo C1, escala de administración especial. Reservada discapacitados/as.

3 prazas POLICIA LOCAL, Códigos Grupo C, subgrupo C1, escala de administración especial.

3 prazas BOMBEIRO/A CONDUCTOR, Grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial.

2 prazas OFICIAL-CONDUCTOR, Grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial.

1 praza OFICIAL-CONDUCTOR MAQUINISTA, Grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial.

2 prazas OFICIAL (Brigada de Obras), Grupo C, subgrupo C2, escala de administración especial.

1 prazas ORDENANZA, Grupo AP, escala administración xeral

2 praza CELADOR, Grupo AP, escala de administración especial.

1 praza OPERARIO (BRIGADA DE OBRAS), Grupo AP, escala de administración especial.

Lugo, 31 de xaneiro de 2019.- O Tenente de Alcalde Delegado da Area de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 0378

### Anuncio

A Xunta de Goberno Local do Concello de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de decembro de dous mil dezaioito, adoptou, entre outros, o acordo 11/703 MODIFICACIÓN DAS “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS DE FUNCIONARIOS E PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA”, de xeito que, segundo o texto aprobado os apartados modificados das “BASES XERAIS PARA O ACCESO EN PROPIEDAD A PRAZAS PERTENCENTES Ó CADRO DE FUNCIONARIOS E DE PERSOAL LABORAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO QUEN QUENDA INTERNA” quedan redactados como sigue:

1.- Parágrafo segundo da base PRIMEIRA queda redactado do seguinte xeito:

“É obxecto destas bases xerais a regulación do proceso xeral para o acceso en propiedade, na quenda de promoción interna, nas súas modalidades de promoción vertical e horizontal, ás prazas vacantes de funcionarios de carreira e persoal laboral que estean incluídas nas ofertas de emprego público do Excmo. Concello de Lugo, excepto naqueles casos nos que exista unha norma legal que determine outro procedemento”.

2.- O último parágrafo da base OITAVA queda redactado como sigue:

“O prazo de presentación de instancias será de vinte días hábiles contados dende o seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado ou no Boletín Oficial da Provincia de Lugo no caso das prazas de persoal laboral”.

3.- A base DUODÉCIMA.- TRIBUNAIS CUALIFICADORES, punto 1) Composición e nomeamento dos tribunais queda redactado do xeito seguinte:

“De conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, a composición dos tribunais cualificadores será a seguinte:

Presidencia: Un/ha funcionario/a do grupo A1, ou A2 no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeada/o pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Vogais: Tres técnicos ou especialistas de igual ou superior titulación á da praza convocada e da mesma área de coñecemento, nomeados pola Xunta de Goberno Local, entre persoal de calquera das administracións públicas (local, autonómica ou estatal).

Secretario/a: un funcionario/a do grupo A1 ou a A2, no caso de que as prazas convocadas correspondan a esta categoría ou a unha inferior, nomeado/a pola Xunta de Goberno Local, entre aqueles que presten servizos no Concello de Lugo e conten con formación no ámbito xurídico”.

Os vogais deberán posuír titulación ou especialización iguais ou superiores ás esixidas para o acceso ás prazas convocadas.

Para cada un dos membros do tribunal será designado un suplente. Este actuará nos supostos de que o titular non poida asistir á correspondente sesión do órgano de selección.

O nomeamento dos tribunais farase por resolución da Alcaldía, que se publicará no BOP de Lugo e que poderá ser conxunta ou independente da aprobación de aspirantes admitidos e excluídos.”

4.- O apartado C da base DÉCIMO SÉTIMA queda redactado do seguinte xeito:

“C) Coñecemento da lingua galega. Acreditarase o coñecemento da lingua galega de acordo co establecido no artigo 51 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia. Realizárase unha proba de coñecemento da lingua galega que fixera o órgano de selección atendendo á categoría e ás función da praza, sen prexuízo do establecido regulamentariamente ou nas bases específicas de cada convocatoria. Este exercicio puntuarase como apto ou non apto.

Estarán exentas da realización deste exercicio aquelas persoas aspirantes que acheguen, no prazo regulamentario de presentación de solicitudes, o título CELGA ou equivalente debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixido para participar nas probas selectivas de que se trate, segundo a Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (anexo 1), modificada pola Orde do 10 de febreiro do 2014.”

5.- Na base DÉCIMO QUINTA.- PROGRAMAS inclúese ao final do primeiro parágrafo o seguinte texto:

“As bases específicas das diferentes convocatorias serán negociadas polo Concello de Lugo na Mesa Xeral de Negociación, con carácter previo á súa aprobación”.

6.- Na base DÉCIMO NOVENA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS, a primeira frase queda redactada como sigue:

“No prazo de vinte días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que se publicou a relación de aprobados no BOP de Lugo,…”

Lugo, 31 de xaneiro de 2019.- O Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal, Xosé Daniel Piñeiro Villares.

R. 0379

---

## MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BSNS) SARRIA

#### *Anuncio*

Extracto del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de fecha 02/01/2019 por el que se presta aprobación a las bases reguladoras y a la convocatoria pública de subvenciones para la rehabilitación de edificios y viviendas situados dentro del Área de Regeneración y Renovación Urbana del casco antiguo de Sarria.

BDNS (Identif.): 438629

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b y 20.8 a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

#### **Primero. Beneficiarios:**

Personas físicas, jurídicas así como agrupaciones de personas físicas o jurídicas que reúnan los requisitos exigidos en el artículo 7.2 del Real Decreto 106/2018, de 9 de marzo, por el que se regula el Plan Estatal de Vivienda 2018-2021.

#### **Segundo. Objeto:**

El objeto de la convocatoria es la concesión de subvenciones, en régimen de concurrencia, destinadas a financiar los gastos derivados de las actuaciones de rehabilitación de edificios y viviendas situadas dentro del ámbito definido como Área de Regeneración y Renovación Urbana del casco antiguo de Sarria.

**Tercero. Actuaciones subvencionables.**

Serán actuaciones subvencionables las siguientes:

Las previstas en el artículo 36 del Real Decreto 106/2018, del 9 de Marzo, para el Programa de fomento de la mejora de la eficiencia energética y sostenibilidad en viviendas.

Las previstas en el artículo 43 del Real Decreto 106/2018, del 9 de Marzo, para el Programa de fomento de la conservación, de la mejora de la seguridad de utilización y de la accesibilidad en viviendas.

Las previstas en el artículo 51 del Real Decreto 106/2018, del 9 de Marzo, para el Programa de fomento de la regeneración y renovación urbana y rural relativo a ejecución de obras y/o trabajos de mantenimiento y intervención en las viviendas unifamiliares y en los edificios, mismo en el interior de las viviendas, instalaciones fijas, equipamiento propio y elementos comunes, con el fin de adecuarlos a los estándares previstos por la normativa vigente.

Las obras de demolición de edificios y de viviendas y las obras de construcción de edificios de viviendas y viviendas de nueva construcción. Los nuevos edificios y viviendas deberán tener una cualificación energética mínima B y cumplir, en todo caso, con las exigencias del Código técnico de la edificación.

**Cuarto. Bases reguladoras:**

El texto íntegro de las bases de la convocatoria estará a disposición de todos los interesados en la página web municipal: <https://www.sarria.es> y en el portal de transparencia: <http://portaltransparencia.deputacionlugo.org/web/concello-de-sarria>. También podrán consultarse presencialmente en la concejalía de urbanismo del Ayuntamiento de Sarria, en horario de 9:00 a 14:00 horas y en días hábiles.

**Quinto. Crédito presupuestario:**

La dotación presupuestaria máxima destinada a esta convocatoria será de 39.748,08 €.

**Sexto. Solicitudes, plazos y documentación:**

Las solicitudes se formularán preferentemente en los modelos oficiales que figuran como anexos de la convocatoria y se presentarán en el registro general del Ayuntamiento de Sarria, en horario de 09:00 a 14:00 horas y en días hábiles, siendo en todo caso de aplicación lo dispuesto en el artículo 16 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas. Los impresos oficiales estarán a disposición de los interesados en las oficinas del ayuntamiento y en la web municipal.

El plazo de presentación de solicitudes será de tres meses a contar desde el día siguiente al de la publicación del extracto oficial de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, por conducto de la Base de Datos Nacional de Subvenciones.

Junto a las solicitudes se presentarán todos los documentos que se juzguen necesarios para acreditar las circunstancias que se aleguen y, en todo caso, los señalados en el artículo 9º de las bases reguladoras.

Sarria, 6 de febrero de 2019.- La alcaldesa, Mª del Pilar López Yáñez.

R. 0414

**BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES. (BDNS) XOVE***Anuncio*

**EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Nº 2019-0056 DO 08 DE FEBREIRO DE 2019 POLA QUE SE APROBA A CONVOCATORIA DOS PREMIOS DO CONCURSO DE DISFRACES DE ANTROIDO DO CONCELLO DE XOVE PARA O EXERCICIO 2019**

BDNS (Identif.): 439621

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Primeiro. Requisitos dos participantes.**

Poderán participar no concurso e ser beneficiarios destas axudas, calquera particular, asociación ou entidade legalmente constituída así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións previstas nestas bases. Neste último caso, os seus integrantes deberán nomear un representante debidamente autorizado para actuar no nome do grupo. Só poderán presentarse unha solicitude por entidade ou grupo.

**Segundo. Obxecto**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de disfraces do desfile de antroido organizado polo Concello de Xove para o Sábado día 2 de marzo..

**Terceiro. Bases reguladoras**

Pode consultarse a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove na seguinte dirección:

<http://xove.sedelectronica.gal/transparency/58926865-bd2e-46f3-857a-14f57f19f9fd/>

**Cuarto. Documentación a presentar e límite de presentación de solicitudes para participar no concurso.**

A documentación a presentar será a seguinte:

**1.- Particulares**

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

-Copia do N.I.F. do concursante ou titor, para o caso de menores de idade

**2.- Asociacións legalmente constituídas e “grupos ocasionais”.**

-Ficha de inscrición establecida ao efecto. Deberá indicarse o nome, apelidos e N.I.F. do representante do grupo.

-Copia do N.I.F. do representante do grupo

-Declaración xurada de non estar incurso en ningunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (só para o caso de asociacións legalmente constituídas)

A ficha de inscrición deberá presentarse en todo caso, con carácter previo á celebración do desfile, ben personándose nas dependencias do Concello de Xove-Oficina do Técnico de Cultura ata o venres anterior á data de celebración do desfile, ou ben o mesmo día do desfile no punto de saída (Nave-almacén sita á carón do campo de fútbol municipal) ata media hora antes do comenzo do desfile. A restante documentación poderá presentarse de xeito simultáneo á ficha de inscrición ou, en todo caso, con carácter previo ao acordo de concesión dos premios. Serán rexeitados aqueles participantes que aínda constando como beneficiario dun premio na acta asinada polo xurado do concurso, non entreguen a documentación que se recolle neste artigo antes do acordo de concesión.

**Quinto.- Contía dos premios.**

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 4.400,00 € (partida 338.481 do Estado de Gastos do vixente Orzamento Municipal).

**Carrozas.**

1º premio: 500 euros

2º premio: 350 euros

3º premio (2 premios): 250 euros cada premio

**Comparsas e grupos de dez persoas ou máis**

1º premio: 300 euros

2º premio: 250 euros

3º premio (2 premios): 200 euros cada premio

Grupos de adultos de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser maiores de 14 anos)

1º premio: 130 euros

2º premio: 100 euros

3º premio (2 premios): 70 euros cada premio

Grupos infantís de 3 a 9 persoas (a metade máis un dos compoñentes do grupo deben ser menores de 14 anos)

1º premio: 120 euros

2º premio: 90 euros

3º premio (2 premios): 60 euros cada premio

**Parellas adultos**

1º premio: 70 euros

2º premio: 60 euros

3º premio (2 premios): 50 euros cada premio

Parellas infantís

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio: 40 euros cada premio

Individuais adultos (de 14 anos en diante)

1º premio: 60 euros

2º premio: 50 euros

3º premio (2 premios): 40 euros cada premio

Individuais infantil (menores de 14 anos)

1º premio: 50 euros

2º premio: 40 euros

3º premio (2 premios): 30 euros cada premio

Premio ao disfraz mais orixinal (pode ser tanto individual como colectivo): 30,00 euros

Premio ao participante máis maior: 30,00 euros

Premio ao conxunto mais numeroso: 30,00 euros

Asímesmo, o participante mais novo recibirá un agasallo en especie, valorado en 30 euros, polo que será o Concello quen faga fronte ao pago ao establecemento comercial no que se adquira, previa emisión da correspondente factura.

A contía dos premios anteriores é líquida. O RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios de contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulada no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, será de 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro premio da categoría de carrozas será de 617,28 euros; a do segundo, de 432,09 euros e a dos terceiros, 308,64 euros. Do mesmo xeito, a contía bruta do primeiro premio de comparsas e grupos de dez persoas ou máis será de 370,37 euros e a do segundo, 308,64 euros.

XOVE, 13 de febreiro de 2019.- O ALCALDE, JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA.

R. 0471